

## 2.8. Contribución ao estudo das relacións entre catolicismo social e rexionalismo na Galicia da Restauración

ALBERTO MARTINEZ LOPEZ

### INTRODUCCION

Dada a sacralización do apoliticismo (teórico) como constante básica do sindicalismo católico, co cal se procuraba soslalar as diverxencias internas baixo o común denominador confesional, é moi difícil atopar declaracións explícitas do conxunto deste movemento ou dalgunha entidade encol do tema que nos ocupa. Elo dificultanos a laboura, obrigándonos a empregar a máxima prudencia para evitar caer en xeneralizacións abusivas, o que poden seren simples opinións ou actitudes persoais. Tendo presente este handicap, e observando unhas mínimas doses de precaución metodolóxica, creemos posible traxer un esbozo sobre a evolución global das relacións entre estas dúas ideoloxías: Catolicismo social e Rexionalismo-Nacionalismo. Hai que ter en conta por último que os dous elementos deste binomio son dous continentes de límites imprecisos e de contidos moi complexos cuia sifilicación real varía grandemente ao longo deste dilatado período denominado Restauración.

Tentaremos pois de descubrir estas interconexións valéndonos da participación e opinións dos persoais do sindicalismo católico nos principais fitos demostrativos do agromar dunha conciencia nacional galega.

### CATOLICISMO SOCIAL, CARLISMO E REXIONALISMO (1)

Sabido é que un dos puntos ideolóxicos básicos do carlismo é a defensa da Rellxión. Pola Acta de Loredán (1897) incorpórase a súa ideoloxía as solucións proclamadas pola Igrexa prá chamada "cuestión social" na encíclica *Rerum Novarum* (1893). Observaremos como, polo menos deica a década dos dez, en que escomenzan a actuar os mauristas, os principais organizadores e dirixentes do movemento sindical católico serán carlistas mltitantes ou simpatizantes. A súa enumeración sería interminable, citemos unicamente os máis sobranceiros: Alfredo Brañas, Vázquez de Mella, Lago González, Losada Diéguez, Peña Novo, Costas Márquez, etc.

Na Galicia finsecular o Rexionalismo engloba dos grupos claramente diferenciados: 1) O liberal, defensor das novas formas económicas capitalistas e democráticas; 2) O conservador-tradiconalista. Aboga por unha restauración dos vellos modos de produción precapitalistas, mostrando unha clara hostilidade polo Liberalismo, Capitalismo e Democracia. O seu ideólogo será Brañas (2). Nin que dicer ten que os prohombres do catolicismo social se inclinarán cara este último enfoque. Pero ¿qué elementos, ademais das persoas, había en común entre a tríada conceptual que titula este apartado?

A doutrina social da Igrexa defendía a volta a un sistema mítico e idealizado, baixo a égida clerical. No eido obreiro, estaba a prol da restauración, actualizada, dos antergos gremios. Daí a constitución de Círculos Católicos de Obreros, onde se pretendía lograr a irmandade entre as clases, colocando aos socios numerarios (obreiros) baixo a tutela dos socios protectores (patronos). E sifificativo ao respecto que a escasa incidencia que lograran no mundo obreiro, estivera centrada naqueles oficios que representaban os restos residuais dunha estrutura precapitalista: servidume, modistas, zapatelros, etc. A nivel xeográfico tamen é sintomático que foran Santiago e Ourense, cidades de estrutura económica arcaica, as localidades onde principalmente desenvolveron actividades os gremios católicos. No campo defendíase un equilibrio inestable entre a produción cara ao mercado e o mantemento das tradiconais industrias caseiras no marco dunha familia patriarcal.

Hai que engadir que no aspecto doctrinal, o catolicismo social rexeitaba o Liberalismo político e as súas derivacións de laicismo, soberanía popular e democracia, opoñendo fronte a elo a estreita unión de Altar e Trono, a orixe divina do poder, e a representación corporativa.

Todos estes plantexamentos poderían seren suscritos plenamente polo Carlismo. Noustante compre señalar que dende a segunda década do século xx, a Implantación católica no campo se acelera, coa creación de dúcias de sindicatos, cuia finalidade principal era a modernización técnica e a conseguinte introducción

(1) Ver ao respecto o libro de X. R. Barreiro Fernández, *El Carlismo gallego*, pp. 303-317.

(2) Sobre Brañas e o grupo católico rexionalista compostelán ver Ramón Máiz, *Alfredo Brañas*, edit. Galaxia, 1983.

nos circuitos comerciais. Elo levaba a aceptación implícita da Modernidade, polo menos nas súas novas relacións de produción: o Capitalismo. Isto incidirá en que a partir desas datas o peso do carlismo anticapitalista perda forza, sendo substituído polo grupo maurista da Coruña, cidade prototipo do capitalismo liberal galego, na dirección do movemento.

Penso que con estes breves apuntes queda explicada a relación entre o sindicalismo confesional e o carlismo. Pero ¿qué papel xoga neste contexto o ideal rexionalista? A súa función ideolóxica, ao meu entender, é dobre:

1) Por unha banda non debemos esquecer que a construción dun Estado centralizado en España é levada a cabo, aínda que o proceso xa viñera de atrás, polo Liberalismo. Daí que a reivindicación rexionalista tivera a virtualidade, en mans católico-traditionalistas, de servir de dardo contra a asfixia que, según eles, suponía o centralismo liberal prós rexións históricas (3).

Este argumento sería posiblemente reforzado coa coiuntura económica crítica existente nas postrimerías da centuria decimonónica (4).

2) A reivindicación da personalidade rexional, asociada indefectiblemente coa Relixión e Tradición, é dicir proxectada cara o pasado, supoñía unha herdanza que había que "conservar" fronte ás novas, e por elo perigosas ideas do Liberalismo e os fillos: Socialismo, Comunismo e Anarquismo. E importante resaltar esta constante teima, especialmente do catolicismo agrario, en anatematizar aos grupos e ideoloxías revolucionarias, como extranxerizantes, non axeitadas ás peculiaridades de Galicia, terra de pequenos propietarios e, xa que logo, defensora do orde social fronte ás ideas colectivistas, etc. (5).

## ETAPAS

### Fins do século XIX

Abrese este período coa publicación por Brañas de *El Regionalismo* en 1965. Ao seu carón actúa un núcleo tradicionalista-rexionalista en Santiago, con forte presenza nas entidades sociais de tipo confesional, como a Juventud Católica, o Círculo Católico de Obreros, o Ateneo León XIII, Unión Obrera, etc. De entre eles destaquemos a Salvador Cabeza de León, Juan Barcia Caballero, o propio Brañas, Ricardo Martínez, e, dende unha perspectiva máis ben liberal, Joaquín Díaz de Rábago. Esta pleiade de persoaxes, que poderíamos completar coa ponla tudense representada por Lago González, Florencio Cerviño e o xornal *La Integridad*, participa en canta iniciativa rexionalista xurde na Galicia do esmorecente século. Así por exemplo na tentativa de crear unha Academia Rexional de promoción da lingua en 1886, na constitución do Comité Central Rexionalista en Santiago en 1890, na organización dos famosos Xogos Florais celebrados en Tul en 1891, nas movilizacións realizadas para protestar polo traslado da Capitanía Xeral silta na Coruña a León, na fundación da Liga Gallega de Santiago en 1898, etc. A partir desta data, que coincide coa exaltación española por mor da derrota cubana e a decantación explícita de Brañas polo carlismo, o rexionalismo católico vai perdendo azos a prol do sector liberal coruñés acaudillado por Murguía, aínda que esta definitiva escisión entre os dous sectores arrastrará a ambos na atonía.

Dende a morte de Brañas (1900) deica a agromar da Solidaridad Gallega (1907) o rexionalismo de calquer signo apenas da señáls de vida. Trasládemonos para cubrir en parte esta lagoa á cidade das Burgas onde veremos ao máis conspicuo representante do rexionalismo populista. Lamas Carvajal, en moi boas relacións co Círculo Católico de Obreros local. Nefeuto é nomeado socio de mérito desta entidade por terlle conquirido unha biblioteca gracias as súas influencias ante o Sr. Bugallal, ministro de Instrucción Pública (6).

(3) "¿No le basta a la centralización liberal, disponer como le acomoda de nuestros hijos e intereses; no le basta con dejar en la miseria a nuestros aldeanos, poner en dificultades al desarrollo de nuestras industrias... y pretender unificar nuestras costumbres y tradiciones...?" Editorial de Brañas en *El Libredón* 8-VIII-1885, reproducido en Málz, op. cit., p. 24.

Non analizaremos aquí a vida e obra de Brañas en relación co tema proposto, xa que ademais de desbordar o obxecto deste traballo, está plenamente realizada esta misión na excelente obra xa citada de Málz, da que tomamos os datos básicos para redacción deste período.

(4) É significativo ao respecto o título dunha das obras de Brañas "La crisis económica en la época presente y la descentralización regional" datado en 1893.

(5) "La organización del colectivismo es Internacional, por lo tanto perfectamente inadaptable a la variedad real de los diversos países... si Galicia tuviese establecido un régimen autonómico que la gobernase, serían imposibles las organizaciones que no respondiesen a necesidades verdaderas del país... Viene ahora la revolución con el estribillo del reparto de tierras ¿las vamos a repartir más en Galicia? La revolución que llega nos será funesta si nuestra resistencia no está confluída a instituciones que casen bien con nuestro modo de ser gallegos. Al sindicalismo extranjero debemos oponer nuestro sindicalismo regional." Artigo de Aurelio Ribalta en *Acción Social*, órgano do catolicismo social mindoniense, 15-IV-1919, pp. 136-7.

(6) *Boletín del Círculo Católico de Obreros de Orense*, n.º 3, VIII-1903.

Por último señalar como durante estes anos os Círculos Católicos, como os do Ferrol ou de Pontevedra, convocaban certames literarios, con premios para composición en lingua galega, de temática rexional, ou mesmo para crear un himno a Galicia (7).

## SOLIDARIDAD GALLEGA

Este movemento político-social nace en 1907 ante o resonante éxito obtido por Solidaridad Catalana nas eleccións. Estaba constituída por varios grupos políticos afastados do bipartidismo turnante, é dicir, un sector republicano, os rexionalistas e os tradicionalistas. Pero o que nos interesa aquí, é a creación dunha base de apoio rural por medio da creación de sindicatos agrícolas, a maioría de corte católico-traditionalista baixo a influencia de Vázquez de Mella, no seu feudo de Arzúa-Melide (8). Esta ala católico-agrarista contará cun voceiro: *La Defensa*, de Betanzos, dirixida por Víctor Navelra.

O clero rural participa masivamente na constitución destas sociedades, a pesares de que certos sectores da xerarquía, como o arcebispo de Santiago ou o bispo lucense, desconfían del, ao estaren ligados ao Réxime, e aparecer a Solidaridad Gallega, especialmente a súa versión agraria como subversiva verbo do poder establecido. Elo motiva que *El Eco de Galicia*, xornal coruñés dependente do arcebispado, sexa nun principio pouco receptivo cara este movemento, aínda que logo abandonará as súas reticencias, convertíndose nun dos seus valedores.

Señalemos agora a intervención personal dalgúns dirixentes católicos no espallamento do ideal solidario, Francisco Catorra, profesor mercantil e empregado da Fábrica de Tabacos, vencellado ás Escuelas Populares Gratuitas (da Ave María) (9) pertencía á xunta provincial da Coruña de Solidaridad Gallega, participando activamente na campaña de propaganda e empregando nela o idioma galego (10).

En canto ao órgano da súa ala rexionalista *A Nosa Terra*, escriben nela ademais do devandito Catoira, Lago González e Barcia Caballero, aínda que estes dous colaboran unicamente con poesías.

Citemos por último ao notario Manuel Barja Díaz, elixido presidente da Federación Católica Agraria da Coruña na súa constitución en 1918, que nos aparece integrando a Junta Solidaria monfortina en 1908 (11). Na primeira Asamblea Agraria celebrada na vila do Cabe nese ano representa aos agrario-solidarios de Abegondo (A Coruña). E o firmante solitario da conclusión XL que decía literalmente así: "Que se supriman las cuatro diputaciones provinciales de Galicia, creando para sustituirlas un organismo regional" (12).

Señalemos a nivel ideolóxico un importante campo de coincidencia: o programa económico dos solidarios, marcadamente ruralista, será practicamente o mesmo que levarán a cabo máis adiante os sindicatos confesionais: petición de supresión dos dereitos arancelarios prao millo, seguros pecuarios, préstamos cooperativos, establecemento de concursos de gando e parada de sementais, etc.

Pero a posición favorable á Solidaridad Gallega, aínda que maioritaria, distaba de ser unánime dentro do universo social católico. Imos ver dúas claras excepcións: o Marqués de Figueroa e Alfredo García Ramos. O primeiro, que será poucos anos despois presidente da F. C. A. da Coruña, oporase ao movemento por razóns obvias. E un dos prohombres do Partido Conservador en Galicia, chegando a ocupar cargos ministeriais. Velase ademais amenazado no seu propio feudo electoral de Pontedeume, un dos niños de actuación solidaria.

García Ramos, primeiro director do xornal católico-gassetista *El Ideal Gallego* nado en 1917, defínese dun xeito irónico e frontal en contra dos solidarios, nun artigo publicado, e non por casualidade no xornal liberal-monterista *La Voz de Galicia* (13).

(7) *Boletín del Consejo Nacional de Corporaciones Católicas de España*, octubre-noviembre y diciembre de 1903, pp. 183-7.

(8) Pódense citar como confesionais con bastante certeza os de Arzúa, Curtis, Melide, Vilasantar, Santiso, Toques e Calvo (Touro). A data de fundación soe ser 1907-8, coincidindo coa Lei de Sindicatos Agrícolas de 1906 e o seu posterior Reglamento de 1908. Sobre este aspecto do carlismo agrario ver J. A. Durán, *Crónicas-3*, Akal, Madrid, 1981, pp. 165-239.

(9) Entrou a formar parte de súa xunta directiva en 1926. Memoria de las Escuelas Populares Gratuitas y de Ciegos y Niños pobres a los LX de su fundación. La Coruña, 1948, p. 5.

(10) Así, por exemplo en Cambre o 27-X-1907 ou na Coruña o 18-VII-1909. *El Eco de Galicia*, 20-VII-1909, p. 1.

(11) J. A. Durán, *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo III, p. 95.

(12) J. A. Durán, *Crónicas-2*, Akal, 1977, p. 280.

(13) "Solidaridad Gallega", *La Voz de Galicia*, 1-IX-1907, p. 3. Os seus párrafos máis significativos rezaban así: "Ni comulgo con los que sencillamente afirman que la nonnata Solidaridad Gallega va a transformar la condición de nuestra región, ni me agrada ver un conjunto de platónicos, de románticos que a todas horas dijese sus amores por Galicia... Galicia no es campo abonado para la solidaridad... somos excesivamente cautos, reservados, prudentes... para que la obra de la Solidaridad Gallega tuviese eficacia sería preciso... infiltrar el espíritu redentor en las conciencias, fortalecer los ánimos apocados... de otro modo la obra será artificiosa... Piden dinero... que lo pidan para crear escuelas... roturar terrenos incultos..."

Unha última proba de que houbo friccións entre sectores católicos e os solidaristas, non soio por parte de persoeiros laicos como os dous citados, senón tamén entre o propio clero rural, está na sentenza condenatoria contra dous redactores de *Galicia Solidaria* por varios artigos inxuriosos contra os párrocos de Malpica e Rodle (14).

#### A cátedra de Literatura galega

En 1910 os elementos católicos súmanse ás protestas orixinaladas polo proxecto de ubicar a cátedra de Lingoa e Literatura galego-portuguesa en Madrid. Así a Asamblea Regional Católica celebrada en Novembro dese ano en Santiago envía unha carta aos poderes públicos en tal senso, reclamando que se sitúe en Compostela. Esta campaña é apoiada por *El Eco de Galicia*, cuxo director José Gómez Martínez "Zenitram" redacta un editorial con dita finalidade, no que se mostra antirreintegracionista (15).

#### Joven Galicia

Por estas mesmas datas publícase na prensa un manifesto de estudantes composteláns. Abogan pola creación dun Centro Regional en Santiago onde o labrego poida dirixirse ás súas queixas, que serían logo elevadas aos poderes públicos; liñan en mente tamén a fundación dun xornal. O manifesto (16) zumea unha ideoloxía vagamente redencionista, anticaciquil e rexionalista, con reminiscencias terminolóxicas mazzinianas. A sociedade formada por este fato de estudantes, entre os que destaca A. Sánchez G. Adanza, denominábase "Joven Galicia". A súa finalidade era "Libertar a nuestra Galicia, rescatarla de la esclavitud que la oprime y la mata". O enemigo a vencer era o cacique e os medios "la difusión por todas las comarcas gallegas... de unas sencillas hojas abarrotadas de verdades, para que conociéndolas el campesino, despierte del sueño de la Ignorancia..." (17).

De creer o autor da información, contaría co apoio de sobranceiras personalidades de Santiago, como Castroviejo, González Salgado, Barcia Caballero, Cotarelo, etc., vencellados varios deles como xa comprobamos ao movemento social-católico.

#### Acción Gallega

Este grupo agrarista, ademais de contar cun líder indiscutido, Basilio Alvarez, crego e cofundador de *El Debate*, é ollado, polo menos ao principio, con simpatía polos sectores católicos. Así por exemplo *El Eco de Galicia* recolle o seu manifesto constitutivo, reproducíndoo case integramente, e adicándolle os seguintes comentarios "Excusamos decir que la idea que palpita en dicho manifesto nos parece de perlas. Todo lo que sea reivindicar la personalidad regional de Galicia y defender sus intereses tiene que arrastrar siempre todas nuestras simpatías" (18).

A participación clerical neste movemento é apreciable: en Setembro de 1913 no mitin de Acevedo fala o párroco de Nogueira, Nogueira Foz, pouco despois celébrase outro en Forcarey organizado polo abade de dita vila (19).

Noustante conforme a basillismo vai mostrando a súa potencia e radicalismo o sector máis conservador da Igrexa-i en especial a xerarquía iralle negando o pan e o sal, chegando o bispo de Ourense a retirarlle o permiso para celebrar misa ao seu dirixente carismático.

#### Viaxe de Cambó a Galicia

Por estas mesmas datas de 1913 anúnciase a chegada do líder rexionalista catalán a Galicia. A postura

(14) *El Eco de Galicia*, 25-XII-1910, p. 1.

(15) *Idem*, 30-XI-1910, p. 1. O seu punto 1.º decía: "Queremos que se cree (en Santiago e por oposición) una cátedra de Lengua y Literatura gallegas, sin mezcla ni en el nombre con la de la Lengua y Literatura portuguesas, perfectamente distintas, aunque muy relacionadas en su contextura y evolución histórica".

(16) Remataba así: "Cuando terminemos nuestras tareas académicas y regresemos a nuestros hogares, animados por las sacrosantas ideas de redención, al lado del paisano luchemos sin descanso, contra el vampiro de nuestros campos, contra el zángano de la colmena social gallega, que es la causa de todos nuestros males.

¡Unámonos escolares gallegos, y con el título de Joven Galicia, defendamos los intereses de nuestra querida región!

¡Abajo el caciquismo! ¡Abajo el hambre!

¡Viva la emancipación del labriego gallego!

¡Viva Galicia!" (*El Eco de Galicia*, 25-X-1910, p. 1).

(17) *Idem*, 29-X-1910, p. 1.

(18) *Idem*, 31-VIII-1912, p. 1.

(19) *Idem*, 13-XI-1913, p. 1.

católica é de certa reticencia, alegando que a situación non está madura par un plantexamento político rexionalista, dada a falla de conciencia cívica encol do tema (20).

#### Irmandades da Fala

Entre os asistentes á creación desta agrupación galeguista nada na Coruña o 16 de maio de 1916 non figura ningún dirixente católico (21).

Noustante axiña se van afiliar a elas Antonio Losada Diéguez e Luis Peña Novo, convertíndose en dous adalides da causa nacionalista.

O vilalbés Peña Novo, procedente como Losada, do tradicionalismo, escomenza dende a súa máis tenra mocidade a participar, como protagonista, nas organizacións católicas. Así xa o vemos en 1912 dirixíndose nun mitin agrario a 3.000 dos seus paisanos, acompañado pola plana maior do carlismo lucense e coruñés (22). Outra intervención destacada, xunto con Losada Diéguez, a terá en 1915 na campaña de propaganda levada a cabo polos dirixentes da C. N. C. A. Monedero e Nevares por terras ourensáns, onde por primeira vez se dirixirá ao público en galego (23).

A evolución destes dous persoaxes é paradigmática respecto ás relacións entre Rexionalismo e Catolicismo social. Conforme se acentúa o papel substantivo do galeguismo no seu pensamento e actitude, así se irán afastando da acción sindical confesional, ou mellor dito o catolicismo irá incrementando as súas críticas respecto a Ideoloxía nacionalista asumida por eles.

No número 1 de *A Nosa Terra* (24), na súa segunda etapa agora como voceiro das Irmandades figura unha relación dos seus redactores e colaboradores, entre eles destacan varios persoaxes ligados directa ou indirectamente ao catolicismo social. Asemade dos xa coñecidos Cabeza de León ou Peña Novo, aparecen Lence Guitián, cronista de Mondoñedo e presidente do Consejo de Vigilancia do S. A. C. de San Rosendo de Mondoñedo en 1922; Noriega Varela, colaborador asiduo como poeta das publicacións católicas mindonieneses; Ruf Codina, asesor técnico das FF. CC. AA. de Galicia, Toubes, xerente de *El Ideal Gallego*, Eugenio Vázquez Gundín, futuro presidente dos S. A. C. da bisbarra de Ortigueira. Varlos destes persoaxes ocupan cargos preeminentes nas Irmandades, caso de Cabeza de León que preside a recen constituída en Santiago (25) Peña Novo forma parte da recen creada Irmandade de Vilalba (26) o que non lle resta tempo para seguir militando nas ringleiras católicas, como se aprecia na súa asistencia á festa celebrada polos Luises da Coruña, lendo un discurso titulado "Saudo á Virxe" (27). Julio Pérez de Guerra, secretario poucos anos despois da F. C. A. de Lugo, ocupa o cargo de tesoureiro na xunta directiva da Irmandade nazonalista de Lugo eleixida na súa primeira xuntanza, ocupando o posto de vocal José Tellado, presidente do S. A. C. da capital lucense (28).

A *Nosa Terra* mostra as súas simpatías por diversas entidades católicas como a Juventud Jaimista coruñesa ou o Círculo Católico de Obreros de Santiago por teren representado varias obras en galego de Lugo Freire como "Escravidú", "O Pazo", etc. (29).

#### A prensa confesional e as Irmandades da Fala

*El Ideal Gallego*, pertencente á cadea de La Editorial Católica e o máis digno representante do catolicismo social en Galicia, tira o seu primer número o 1-IV-1917. O seu subtítulo xa supón unha declaración de principios "diario católico, Regionalista e Independiente". No seu editorial, redactado por García Ramos, explicita a súa misión *El Ideal Gallego* consagrarse a coadyuvar al bienestar de la nación española... y más inmediatamente, laborará con fe entuslasta, por que la comarca gallega, nuestra tierra, adquiera la preponderancia social, mercantil, industrial y económica a que tiene derecho... Tenemos un patrimonio que servir y a que defender; el catolicismo, la monarquía y la región..." Baixo unha aparencia de reivindicación rexionalista acuñada na súa denominación, o seu galeguismo real fica, como acabamos de comprobar, notablemente reducido e arrinconado no seu editorial programático. Nun momento en que Galicia escomenza a ser considerada nación ou nacionalidade polas Irmandades, *El Ideal Gallego* categorízase como un híbrido entre

(20) *Idem*, 20-VIII-1913, Editorial, p. 1.

(21) *La Voz de Galicia*, 19-V-1916, p. 1.

(22) *El Eco de Galicia*, 29-X-1912, p. 1.

(23) Antonio Monedero, *Siete años de propaganda. Crónicas de Juan Hidaigo*, pp. 41-58.

(24) *A Nosa Terra*, 14-XI-1916, p. 5.

(25) *Ibidem*, p. 7.

(26) *Idem*, 26-XI-1916, p. 7.

(27) *Idem*, 15-XII-1916, p. 7.

(28) *Idem*, 25-XII-1916, p. 4.

(29) *Idem*, 15-XII-1916, p. 4, e 25-XII-1916, p. 7.

rexión e comarca. Cando se enumeran os dereitos que os galegos deben reivindicar, sintomaticamente se eluden os políticos ou autonómicos. A cousa fica totalmente clara na prelación de valores que se propón defender.

Este xornal xa dende o seu nacemento é sañadamente criticado por *A Nosa Terra* pola, ao seu xuício, febleza na defensa da persoalidade galega, ataques que se persoalizan con frecuencia no seu director. É acusado de empregar case en exclusiva o idioma castelán, de agachar, baixo unha faciana rexionalista e independente, un servilismo aos partidos turnantes e centralistas, acumándoo de gassetista, ademais de recriminarlle por no conceder importancia informativa aos acontecementos de signo galeguista. No mesmo saco antigalegulista inclúe a outro importante diario confesional, o ferrolán *El Correo Gallego* "que ven pedindo a berros o troque de nome" (30). Isto non supón en absoluto unha xenreira do semanario nacionalista pola prensa católica, pois en 1918 publica unha relación de "os xornais afíns a nosa causa pol-o d'agora en Galicia son: *La Voz de la Verdad*, de Lugo (ao que gaba en varias ocasións por publicar crónicas en galego sobre actos de afirmación rexional, este diario viña de ser nomeado voceiro dos S.A.C. da provincia), *Progreso*, de Pontevedra; *La Región*, d'Ourense (tamen confesional), *El Ideal Gallego*... Sabemos que agora *El Ideal Gallego* simpatiza connosco. ¡Nunca e tarde!" (31). Noustante, este idilio co xornal coruñés será moi breve e axiña reanudarán as regueifas.

#### O ano clave de 1918

Efectivamente, neste ano, encastrado no contexto dunha grave fractura da sociedade española, o catolicismo social despliega en Galicia unha abralante ofensiva en dous frentes: o rexionalista para fixar un ideario rexionalista católico común fronte ás veleidades nacionalistas, e o máis importante, o agrario, cunha febril campaña de sindicación coa finalidade de frenar a crecente radicalización do movemento agrarista e a penetración nel do socialismo. Vexamos algúns destes síntomas.

#### Semana Agrícola de Santiago

Inaugurouse o 18 de xullo, asistindo as forzas vivas locais, representacións de varios sindicatos agrícolas da bisbarra compostelá e numerosos sacerdotes. Déronse conferencias agropecuarias tendentes a unha modernización da agricultura galega, a cargo de destacados técnicos como Leopoldo H. Robredo, Rafael Areses, Ruf Codina, García Ibarra, etc., colaboradores asiduos da prensa confesional agrarista. Aparte das cuestións técnicas, Codina confeccionou apéndice con modelos de reglamentos e estatutos de sindicatos agrícolas, cooperativas, etc.; pola súa banda Robredo gabóu a organización de sindicatos no campo galego.

#### Campaña de Monedero e Nevares

Entre xullo e outubro prodúcese unha formidable ofensiva católico-agraria en Galicia, protagonizada polo grande propietario Antonio Monedero e o xesuíta Nevares, ambos palentinos, sendo eflicamente secundados polo clero parroquial e os terratenientes. Como resultado nacen moreas de S. A. C. agrupándose en 7 Federacións.

Estas campañas levadas a cabo por xente allea a Galicia (algúns con moi probe impresión dela como o P. Nevares); P. Vicent en 1908, as xa mentadas de Nevares e Monedero en 1915 e 1918, ademais da intervención doutros propagandistas da C. N. C. A. menos importantes, foron duramente criticadas dende o campo nacionalista, tanto dun xeito coetáneo por *A Nosa Terra* como posteriormente por un dos prohombres do nacionalismo conservador e católico, Vicente Risco, o que evidencia unha vez máis ese progresivo divorcio que mencionábamos antes (32).

Pouco meses despois actuará tamen como propagandista agrario José Núñez Bua, dirixente do Partido Galegulista na II República. Participará en varios mitines da bisbarra de Vilagarcía, onde dirixía o colexio León XIII. Emprega neles o idioma galego (33). E de destacar tamen que cando escomenza a descollar como nacionalista, esmorece a súa actividade social-católica.

(30) Idem, 20-VI-1917, p. 7.

(31) Idem, 18-I-1918, p. 5.

(32) "E aínda hai outro elemento absurdo no agrarismo galego: os Sindicatos Católicos, organizados aquí moitas veces por propagandistas casteláns e por un modelo castelán común a toda España. Isto é absurdo por dúas razóns: en primeiro lugar, por inadaptación do modelo e por ser atentatorio contra a autonomía do agrarismo galego... a segunda razón é o absurdo de dividir aos labradores en católicos e non católicos danando a un tempo ao agrarismo e ao "catolicismo". Vicente Risco, *O problema político de Galicia*, Vigo, 1976, p. 135.

(33) Vilaxoán, Cornazo e Bamlo. *La Integridad*, 21-XII-1920, p. 2; 13-IX-1921, p. 2. e 30-I-1921, p. 2.

#### Semana Regionalista

As sesións, que se inician o 26 de xullo, teñen lugar en Santiago, reducto do conservadurismo clerical. Foi organizada por *El Debate*, concretamente polo seu director Angel Herrera, presidente da A. C. N. de P. como continuación do certame organizado por este mesmo diario. No acto inaugural estiveron presentes os notables da localidade e doutros puntos de Galicia, sendo especialmente numeroso o palco reservado ao estamento clerical e tamen o dos catedráticos universitarios.

#### Sesión do 1.º día

Abreu o turno de discursos o alcalde, en calidade de autoridade da cidade anfitrióna. Falóu logo Herrera, marcando as liñas xerais da Semán: percurárase traer xente moza con azos para actuar nas novas realidades. Tratábase de conquerir que non houbera disonancias entre os católicos á hora de enfocar o problema rexionalista. Deste se tiña unha idea demasiado inconcreta, precisándose unha definición. Mostrouse receloso dunha descentralización apresurada, sen unha previa preparación social, ligando a primeira cunha vivificación dos organismos inferiores: Axuntamentos e Diputacións. Afirmaba por último que Galicia estaba atravesando por un momento crítico, e que axiña se produciría un importante movemento social, aludindo posiblemente á xa comentada campaña de Nevares-Monedero.

O Marqués de Figueroa compara a robusta vida local de Inglaterra e Alemaña coa precaria de España. Realiza afirmacións que nos retrotraen a Brañas "el absolutismo, en forma de oligarquía parlamentaria centralizadora". Califica de estéril o movemento galegulista do século pasado por individualista. Afirmar rotundamente que o Rexionalismo galego ten que ser agrario e que compre dotar a Galicia de organización agraria pero non co carácter negativo, según el, das sociedades de resistencia. Cree que o desenvolvemento da familia galega e doutras institucións enxebres debería fomentarse.

Interven de novo Herrera para facer algunhas aclaracións, señalando que existen contradicións, aínda que soio aparentes, entre o seu discurso e o dito polo Marqués. Proclámase defensor do Estado centralista pero repartindo as culpas entre éste e o Municipio. Señala como outro perigo da descentralización o de provocar unha reacción de senso contrario.

#### 2.ª Sesión

Intervén Peña Novo cun discurso titulado "Novas orientacións do Rexionalismo galego". Elquí introdúcese unha dinámica distinta á do "sano regionalismo" imperante nos oradores anteriores, non só polo vehículo empregado: o galego, senón sobre todo pola radicalidade das afirmacións. Co deputado Rodríguez de Viguri as augas voltan ao seu canle, insistindo nos perigos dunha descentralización prematura. Pregúntase se poderá resistir a Industria galega a competencia internacional e di que soio asegurándolle un mercado interior e aumentando a produción agrícola. Incita á nacionalización das industrias produtoras de abonos. Remata adicándolle un recordo a Alfredo Brañas.

#### 3.ª Sesión

Fala, en galego, Losada Diéguez sobre "Os problemas do idioma e da cultura no Rexionalismo galego". Define á rexión, seguindo a liña tradicionalista de Brañas e Mella, como nacionalidade incipiente, detida na súa formación histórica. Decántase por un nacionalismo culturalista. Fai un chamamento aos bispos e clero parroquial a prol da predicación en galego, así como da publicación dun catecismo nese idioma.

Antonio Goicoechea, deputado maurista por Madrid trata o tema de "Regionalismo y Nacionalismo. Su significado diverso. Semejanzas y diferencias." Afirmar que os dous xacementos en que teñen que buscar contido ideolóxico os diferentes partidos políticos son o Rexionalismo e o Socialismo. Según el as características do Nacionalismo serían dúas: 1) A Nacionalidade como feito fatal, biolóxico, na liña da escola xermánica. 2) A fórmula da soberanía. O Rexionalismo suporía a negación do fatalismo nacional e as substitución da soberanía pola descentralización administrativa.

#### 4.ª Sesión

Conferencia de Herrera sobre "El Regionalismo y la neutralidad religiosa". Señala como un dos basamentos sólidos rexionalistas a creación de Municipios non soio como institucións de dereito público senón tamén de índole privada, aludindo probablemente a unha representación corporativa municipal ou a unha intervención da Igrexa na vida local, ou a ambas as dúas facetas. Resalta como está vencellada ao Rexionalismo a cuestión da terra e a esta a cuestión relixiosa, concluíndo xa que logo na necesidade dun Rexionalismo

confesional como o que según el practicaba Castilla la Vieja na sua organización agraria e da que debía tomar exemplo Galicia.

Remata esta sesión o deputado Leonardo Rodríguez cun discurso sobre a emigración, da cal defende que non sexa suprimida, senón perfeccionada (aplausos). Móstrase partidario da redención foral.

#### 5.ª Sesión

Intervén o mozo coruñés e presidente da sua Juventud Jalmista, Portal Fradejas. Título da sua disertación "El sentimiento de independencia en los poetas gallegos del siglo XIX". Preconiza a sindicación agraria como medio de redención económica. Adhiérese ao rexionalismo de Mella. Angel Osorio y Gallardo, destacado maurista e ideólogo do catolicismo social, realizou un duro ataque ao nacionalismo.

#### Clausura

A posta do ramo foi feita por Vázquez de Mella expoñendo o seu curriculum rexionalista. Considera ao cristianismo como creador das nacións e fronte ao separatismo afirma que os vencellos nacionais non poden quebrarse porque non dependen da vontade. Mostrase iberista ao denunciar o carácter arbitrario da fronteira portuguesa. Volve a insistir na ineludible necesidade de darlle un contido confesional á reivindicación rexionalista.

Tanto o xornal coruñés *El Noroeste* como sobre todo *A Nosa Terra* atacaron a esta Semán criticando a incoherencia que, según eles, supoñía que vivíesen persoas foráneas a ensinar aos galegos sobre o Rexionalismo. *El Ideal Gallego* contraatacou habilmente señalando que eles non se escandalizaron cando no decenio anterior vivíeran os solidarios cataláns a colaborar no espallamento do ideal rexionalista.

A estas alturas, ¿qué conclusións podemos tirar desta Semana Regionalista?

1) O evidente interese de sectores católicos, mesmo e sobre todo dos madrileños, por relanzar o tema rexionalista. Que sexa precisamente un diario radicado na capital do Estado o que leve o peso da idea fai en certo modo sospeitosa tal iniciativa. Trataríase, ao meu xuício, dun complexo intento por desempolvar un rexionalismo rexionalista capaz de converterse en alternativa ao perigoso espallamento dos nacionalismos periféricos, que mesmo en Galicia aínda que dun xeito máis feble escomenzaban a agromar. Utilizaría tamen como un rearme ideolóxico fronte ao socialismo. A nivel global serviría como arma de combate contra a "oligarquía parlamentaria centralizadora" o cal posibilitaría a unión de todos os católicos, bastante alérxicos respecto á democracia parlamentaria, por riba das diferencias entre mauristas e tradicionalistas.

2) A reiterada ligazón entre Rexionalismo, asociacionismo agrario e confesionalidade trataría de crear unha forza agrario-católica que sería o soporte de masas dun "Regionalismo sano y bien entendido", que podería ter futura proxección nun partido confesional. Teríamos así o embrión ideolóxico da CEDA.

3) Establecemento duns vencellos indisolubles entre Rexionalismo, Tradición e Catolicismo, trilogía que agradaría ao sector tradicionalista, con forte presenza na Semán. Estamos en certo modo no sistema de Brañas, de restaurar un sistema de organización social tradicional en que a voltara a ter preponderancia. Tenciónase, xa que logo, de recrear un Rexionalismo confesional, que quedara truncado con Brañas, fronte ao claro predominio das formulacións de tipo liberal.

4) Búscase unha concreción do termo Rexionalismo e a unificación de criterios. Pero curiosamente estes dous obxetivos aparecen como contradictorios. Nefeuto, na medida en que o Rexionalismo seguía a ser un concepto amplo e ambiguo, permitía cobixar a máis diversas tendencias. Pero en canto se afonde na concepción rexionalista de cada un dos presentes, observaremos como a pesares de tentar manter a cohesión afirmando que solo hai discrepancias formais, de feito estas son substanciais entre o dúo Peña Novosada e o resto, manténdose este nun Rexionalismo esclerotizado e ancilar respecto á Rellión. Esta diverxencia entre un sector católico, superminoritario, que aposta polo nacionalismo, e o groso do catolicismo social, non fará máis que acelerarse nos meses seguintes.

Este divorcio amósase claramente co gallo da celebración en Lugo da Asamblea das Irmandades da Fala en novembro, en que éstas presentan un programa político, decantándose sen ambigüedades polo nacionalismo. García Ramos publica unha serie de artigos sobre o tema en *El Ideal Gallego* (34) titulados xenericamente "El Nacionalismo gallego. Reparos a la Asamblea de Lugo.", nos que vai desglosando e criticando as suas conclusións. Móstrase contrario a todos os puntos relativos ao recoñecemento da persoalidade especi-

(34) Entre o 21 e o 27-XI-1918.

fica de Galicia: autonomía lexislativa, cooficialidade, etc. Alén diso disinte tamen do accidentalismo en canto á forma de goberno e do neutralismo relixioso. Aмосa en troques a sua conformidade, en líneas xerais, coas reivindicacións económico-sociais do programa nacionalista, mesmo presumindo de ir máis aló.

#### O SECRETARIADO DE GALICIA EN MADRID

Neste prolífico ano de 1918 é tamen cando se crea o Secretariado de Galicia na capital do Estado, aínda que non funcione realmente deica 1920. Esta entidade, constituída polas élites galegas residentes na Villa y Corte, reclámase solidaria do programa suscitado nas Asambleas de Monforte. Entre os socios figuran persoas mol coñecidas do catolicismo militante como Antonio Masada Bouso (presidente da Federación Mindoniense de S.A.C., da Sociedad de Obreros Católicos de Mondoñedo, dirixente da C.N.C.A., etc.) Jacobo Varela de Limia, do que falaremos máis adiante, e José Calvo Sotelo (35).

#### AS COORDENADAS DO PENSAMENTO REXIONALISTA CONFESIONAL

Empregaremos para realizar este labor ademais do material xa exposto e de diversas anotacións que se presentan cascadas e asistemáticas, dous folletos (36) escritos por sifificativos ideólogos católicos: Varela de Limia e García Ramos. Este último xa nos é coñecido. En canto a Jacobo Varela de Limia, simplemente dicir que contribuiu a fundar a F.C.A. de Santiago, da que foi presidente, así como da Unión Regional de F.F.C.C.A.A. de Galicia, tesoureiro da C.N.C.A., etc.

Vexamos agora as notas distintivas deste pensamento. O catolicismo militante galego presenta o seu corpus doctrinal colunturalmente, en momentos críticos, como alternativa a incapacidade do sistema liberal centralista de dar resposta ás diversas crises de especial gravidade. Precisamente García Ramos escomenza a sua conferencia aludindo directamente á crise e incardinando nela o seu plantexamento rexionalista.

E un Rexionalismo que se define como tradicional nun senso utilitario e de defensa de clase "puede servir para contener las demasías innovadoras de las izquierdas, invadidas de un extranjerismo ideológico", democrático non no enfoque político senón "porque labora por la conservación de las costumbres, prácticas y estilos creados por el pueblo". Sendo evolucionista "puede ser dique que contrapesa el carácter revolucionario de los demagogos a tanto alzado"; oportunista no senso de aproveitar as coiunturas económicas reivindicando que Galicia sexa ouvida na elaboración da política arancelaria; e sobre todo, confesional. Este derradelo calificativo é sen dúbida o eixo sobre o que se sustenta o resto do armazón conceptual. Xa Máiz señala como en Brañas, a pesares da sua forte esencia galeguista, todo o seu pensamento está sobredeterminado por un catolicismo tradicional e militante. Pois algo parecido semella suceder con outros autores. Dentro deste particular enfoque non é de extrañar que se ligue o sentimento relixioso coa esencia da historia de Galicia.

#### Concepto de Rellón e Nación

Fronte ao accidentalismo nominalista e a ambigüedade terminolóxica do nacionalismo galego deses momentos o catolicismo social tenta delimitar claramente, aínda que con resultados pouco gratificantes, o campo da sua actuación.

Para os ideólogos a Nación sería fundamentalmente un concepto étnico, de sangue e, xa que logo fora do ámbito da vontade, adscribíndose así a corrente xermánica fronte ao nacionalismo plebiscitario da escola francesa: "Nación es raza étnica, conjunción de pueblos de un mismo tronco étnico, en la que concurren elementos éticos, psicológicos y fisiológicos". Estas disquisicións teñen moita importancia pra o pensamento confesional pois da categorización ou non de España como nación se derivaría que a sua unidade fose étnica, é dicir a-voluntaria e indisoluble, ou máis ben fundada nun pacto político e por elo quebradiza e coiuntural. Para Varela de Limia a Rellón "es parte de un todo formado por la unidad de cultura, de intereses, de creencias y de orientaciones y una nación es este mismo todo". Obviamente desta definición tan probe e confusa pódese tirar a conclusión, como fai o propio Varela de Limia, de que a Rellón forma tamen unha unidade, para salvarse do naufraxio o único madeiro que atopa é aludir ao carácter imperfecto da Rellón, que lle obriga a integrarse nunha unidade superior e por elo considerada máis perfecta. Todo este intento, fallido ao meu entender, de clarificación conceptual non ten outro senso que diferenciar nitidamente a sua oferta ideolóxica do pensamento nacionalista que se vai abrindo paso. Nefeuto, o seu posicionamento fronte a calquera veleidade nacionalista é taxante.

(35) *El Ideal Gallego*, 19-VI-1920.

(36) García Ramos, Alfredo: *El Regionalismo Gallego en su aspecto confesional, monárquico y unitario*. Conferencia pronunciada en la Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos, en 20-I-1918, por... Instituto de Estudios Gallegos. Imprenta de *El Ideal Gallego*, La Coruña, s. d. Varela de Limia, Jacobo. *Orientaciones regionalistas*, por... Madrid, s. d. (fines de 1918).

## Autonomía

O teito autonómico preconizado non sobrepasa o ámbito dunha tímida descentralización administrativa. Máis que aplicado ao espazo rexional, a autonomía está pensada sobre todo praos concellos, aspecto éste coherente coa fixación medievalista nunha sociedade case preestatal e dotada de amplias franquicias corporativas e locais. Compre señalar a ligazón que se establece entre liberdades municipais e corporativas, amosando así as súas simpatías por unha representación corporativa, enfrontada á democracia liberal individualista. Reivíndicase o recoñecemento da personalidade xurídica da parroquia, sen o cal considérase que a autonomía municipal non sería máis que un arma máis nas mans do cacique. Non conven esquecer, para entendermos esta febre de reivindicación parroquialista (37), o carácter preestatal desta célula de organización comunitaria así como o seu forte contido relixioso, que permitiría ao sacerdote un melande influxo que no menos receptivo Concello. Precisamente asistimos por estes anos a unha das máis fortes campañas protagonizadas polos elementos católicos a prol da implantación do Decreto Besada que arrebatara aos municipios a terríble arma do reparto de consumos, delegándoo en comisións parroquiais das que formaba parte por dereito propio o párroco. Neste contexto, ademais doutros condicionamentos, de enfrontamento entre o caciquismo vencellado aos partidos liberáis turnantes e o poder clerical é onde penso que hai que ubicar estas declaracións a prol da autonomía parroquial.

## O idioma

A prensa sindical confesional emprega dun xeito case exclusivo o castelán. As escasas seccións redactadas na lingua propia do país, son as de poesía e as de tipo humorístico, redactada normalmente en forma de diálogos didácticos, continuando a tradición do tío Marcos da Portela. A utilización do galego é, xa que logo, claramente minoritaria ademais de diglósica. O caso é especialmente significativo pois o destinatario destas publicacións: o labrego, era abrumadoramente galegofalante. O seu idioma, en troques, era empregado con maior asiduidade nos mitines, pero cunha finalidade pragmático-populista, máis que de reivindicación lingüística. A opinión que sobre o idioma galego tiñan é aínda máis negativa que o seu uso público. Eran plenamente conscientes de que alén dos aspectos líricos, o idioma xogaba un papel básico no alborear dunha conciencia nacional, aínda que para evitar a perigosa asimilación de nación e idioma, negasen que éste fose o selo distintivo da personalidade dos pobos. Mantíñanse na ambigüidade á hora de calificar ao galego como lingua ou dialecto, empregando indistintamente ambas denominacións. Defendíase a oficialidade única do castelán, mantendo reducido ao galego o un ámbito coloquial. Os seus argumentos eran que deste xeito non se esquecería o idioma español, facilitándose as posibilidades de comunicación dos galegos, "pueblo emigrante", amén de constituir a Galicia en ponte entre España por unha banda e Portugal e as nacións americanas por outra.

Insistíase na orixe divina das linguas, remitindo calquer realidade ou concepto á súa causa primeira: a omnipresente Relixión.

## Aspectos económicos

Un matiz importante para comprender as tendencias rexionalistas do sindicalismo confesional o representa as características da economía galega do primeiro tercio do século XX. O catolicismo social actuaba sobre todo no campo. Por elo non podía pasarlle desapercibido ás peculiaridades da economía rural galega, tan distante do sistema latifundista e de monocultivo propio da meirande parte de España. Onde máis se evidenciaba a contraposición entre unhas e outras rexións era na política arancelaria. Nefecto, en materia agrícola, primaban os intereses dos grandes propietarios cerealícolas e olivareiros. Galicia, formación social acéfala, cunha poboación constituída maioritariamente por pequenos labregos, proletarios ou non, dotada dunha escasa capacidade negociadora e de presión ante o Poder Central, pagaba no seu básico subsector gandeiro a antinomia existente entre as súas necesidades de importación de millo a baixo precio e as arelas dos trigueiros casteláns por manter un precio rentable pra súa produción. Por outra banda, o gando galego víase con frecuencia amenazado coa importación de reses coa finalidade de abaratar o seu consumo (38).

(37) Tal é a importancia concedida á descentralización parroquial que Martínez Sueiro, activo colaborador do Círculo Católico de Obreros de Ourense, publicou un folleto con máis de cen artigos sobre a formación e fins dos concellos parroquiais, reproducido parcialmente por Acción Agraria, órgano dos SAC da bisbarra de Ortigueira, 30-IV e 20-V de 1923. No seu artigo 91 señalábase a súa composición: "Formarán parte del Concejo parroquial en calidad de concejales todos los varones cabezas de familia".

(38) Estas peticións de reforma arancelaria eran plenamente asumidas pola meirande parte da sociedade galega. Así se comproba na Asemblea celebrada en 1923 á que asisten unha morea de organizacións agrarias de todo tipo, entre elas moitas confesionais, amén de representantes de concellos, deputados, senadores, xornais, etc. As súas dez conclusións remiten exclusivamente a un punto: demandar protección pra gandeiría galega mediante o control das importacións de reses e a autorización de importar millo con dereitos arancelarios reducidos. O folleto, cuxo autor non se cita, titúlase *Asemblea Regional Gallega*, La Coruña, 1923.

Convén recordar que o Rexionalismo confesional recriminaba aos nacionalistas o seren cultivadores dunha ideoloxía sentimental e baseada unicamente en aspectos líricos e de reivindicación lingüística, contrapoñéndoo a necesidade dun Rexionalismo práctico, baseado nas necesidades económicas, "oportunistas" no senso que lle dá García Ramos. Daí que as campañas rexionalistas levadas a cabo polo sindicalismo católico teñan como fin primordial obter logros de tipo económico-social (Decreto Besada, política arancelaria, etc.) cunha metodoloxía consistente en mobilizar a opinión pública para que servira de acicate aos deputados galegos (ou aos altos cargos gubernativos desta orixe) e defenderan con afínco as súas posturas en Madrid, pero nunca reivindicando unha autonomía legislativa.

## Rexionalismo e partidos

As forzas católicas non vían a necesidade de que Galicia contase con forzas políticas propias. Tratábase máis ben de galegalzar os partidos españois actuantes en Galicia. O Rexionalismo non debería ser un partido político máis, debido á heteroxeneidade de ideas existentes entre os galegos. Por elo o ideal rexionalista forzosamente debería ser etéreo e vago, con dous únicos lindes, un de tipo negativo: a limitación do poder absoluto dunha forma de goberno centralista e absorbente, por un refococemento necesario da personalidade rexional. O contido positivo do seu programa sería a necesidade de respetar as variedades políticas existentes no movemento. Non se trataría de enfrontar unhas rexións con outras, e por elo rexeltan o "Regionalismo exclusivista", proclamando a necesidade de armonizar os intereses contrapostos. Daí a súa defensa da militancia en partidos "nacionais" que terían esta misión. Noustante deberíase procurar incorporar aos seus programas as afirmacións rexionalistas compatibles cos seus principios.

A partir de 1919 as referencias positivas da prensa nacionalista respecto aos prohombres do sindicalismo católico son cada vez máis raras. Nembargantes na revista *Nos*, iniciada o 30-X-1920 figuran como redactor Losada Diéguez e entre os colaboradores Peña Novo e o Marqués de Figueroa. Escriben algún artigo nela, pero esporádicamente e solo entre 1920-3, o devandito Marqués, Nuñez Búa e García Ramos. Posteriormente durante a II República distingüírase un presbítero: Pauliño Pedet Casado activo militante católico nos anos anteriores.

## Conclusións

Chegados a esta altura do traballo compre facer unhas cantas reflexións a modo de resumo e valoración final sobre o significado e intensidade das relacións entre o catolicismo social galego e o Rexionalismo durante a Restauración.

En liñas xerais pódese dicir que o sector agrario móstrase máis receptivo fronte aos ideais rexionalistas que o actuante nos medios urbáns e obreiros, coa senlleira excepción do núcleo centrado do Círculo Católico de Obreros de Santiago a fins do século XIX. Estas diferencias poden obedecer a varias razóns:

- 1) A maior penetración sindical confesional nos medios rurais que pode desfigurarse en certo modo a valoración comparativa.
- 2) A existencia entre os dirixentes dos organismos católicos adicados aos medios obreiros de grande número de militares, moi influídos por una ideoloxía españolista reflexada claramente no talante das súas publicacións.
- 3) O feito de que era no campo onde se mantiña máis pura a idiosincrasia galega, ademais de poseer unha estrutura socioeconómica claramente diferencial respecto ao resto de España.
- 4) Na competencia coas organizacións obreiras de clase, fortemente internacionalistas, non constituía motivo de confrontación ideolóxica o debate rexionalista.

Unha constante nos motivos inspiradores do seu filogaleguismo a constituía a súa consideración como baluarte fronte á marea revolucionaria. Isto faise obviamente máis visible nas situacións de emerxencia como os anos 1917-20.

A reivindicación rexionalista intégrase nun movemento máis amplo de Rexeneracionismo a nivel español, tentando dar solución aos graves problemas de funcionamento do sistema político, iniciado co desastre do 98 e a crise finisecular.

Obsérvase unha falla de postura definida e común do movemento católico encol do tema, amosando unha meirande receptividade os elementos de extracción tradicionalista. En relación con isto último, tendencia ao descenso na intensidade galeguista durante toda esta etapa, conforme o sector tradicionalista perde puntos fronte aos mauristas e outros grupos. Podemos establecer grosso modo as seguintes etapas:

1) fins do século XIX Forte pulo encol de Brañas e os grupos compostelán e tudense. 2) Esmorecemento. Dende a morte de Brañas deica polo menos 1907. 3) 1907-1918. Intento de recuperación e redefinición dun Rexionalismo confesional, con especial incidencia nesa último ano. 4) 1919... Progresivo e definitivo distanciamento do nacionalismo, conforme éste se val facendo máis radical nos seus plantexamentos galegistas, menos accidentalista na disxuntiva Monarquía-República, máis democrático e laico.

A intervención no sindicalismo católico e no galeguismo dos distintos dirixentes citados neste traballo, non se produce normalmente ao mesmo tempo. Nefeuto, varios persoais participan nas organizacións confesionais durante a súa mocidade pero conforme van destacando como dirixentes nacionalistas abandonan a dobre militancia: Peña Novo, Nuñez Búa, Losada Dieguez, Pedret Casado, Camilo e Indalecio Díaz Balliño, etc. As veces, aínda que máis raramente sucede o contrario, caso de Pérez de Guerra ou Vázquez Gundín.

Faise especial énfase na descentralización administrativa, sobre todo do Municipio, e dentro desta abó-gase polo recoñecemento da personalidade parroquial.

Como punto final coido que sería pertinente preguntarse polas razóns que imposibilitaron a plena asunción da Ideoloxía galeguista polo sindicalismo católico. A resposta non é nada doada dada a súa complexidade. Por elo apuntaréi simplemente algunhas das posibles hipóteses explicativas, a verificar nun meirande afondamento do tema.

1) As súas propias orixes. Nefeuto, como xa vimos o sindicalismo confesional especialmente na súa vertente agraria, foi introducido en Galicia por propagandistas alleos a súa realidade, maiormente casteláns, algúns deles, Nevares por exemplo, cunha opinión claramente tóxica e despreciativa respecto ao ethos galaico. Esta "colonización" foi acremente criticada polos nacionalistas.

2) Alén diso existía unha dependencia organizativa respecto a unha entidade exterior a Galicia, a C.N.C.A., controlada polos grandes latifundistas meseteños. Incapacidade ou falta de interese por crear unha organización propia de ámbito galego, cousa que se conseguiría serodiamente, en 1930.

3) Como obra confesional preconizaba unha sumisión completa á xerarquía eclesial. Esta, na súa inmensa maioría era allea en berce e sensibilidade á realidade diferencial galega, coa sentleira excepción de Lago González. O clero parroquial, aínda que de orixe galega e campesiña, recibía unha formación aculturadora nos seminarios que lles levaba logo a reproducir de modo mimético entre os seus feligreses. A mostra máis visible desto estaría no mínimo uso do galego como lingua litúrxica nun medio monolingüe.

4) Os temas económicos rurais eran os máis doados para unha toma de conciencia galeguista, dada a súa especificidade e o seu carácter facilmente asumible por amplas capas da sociedade galega. A proba está en que non existían diferencias significativas, polo menos deica 1920, neste eido entre o programa galeguista e o das F.F.C.C.A.A. de Galicia. Realmente chama un pouco a atención que defendendo reivindicacións agrarias tan parecidas, moderadas en ambos casos, e amosando un claro respecto e cautela ante a cuestión relixiosa por parte do nacionalismo, non se chegara a unha conxunción máis estreita. As razóns principais estarían no predomínio dos aspectos ideolóxicos enriba citados, así como a defensa irreductible do carácter confesional do Rexionalismo fronte á neutralidade relixiosa defendida polo galeguismo.

Por último señalar que na importante cuestión da política arancelaria, se ben no millo a barreira aduaneira perxudicaba a Galicia e motivaba á proclividade a un Libre cambismo-separatismo económico, existía outra faciana que era a exportación de carne ás prazas españolas, o cal implicaba ser neste caso proteccionista fronte as importacións de reses e defensor da unidade do mercado español, vital praoo desenvolvemento pecuario galego, unha vez perdido o mercado inglés a fins do século pasado.

## 2.9. Ciencia e Ideoloxía no nacionalismo galego no derradeiro tercio do século XIX

XOSE A. FRAGA VAZQUEZ

### INTRODUCCION

A fins do século XVIII e ao longo de todo o XIX as sociedades europeas sufrían importantes transformacións derivadas, en grande medida, polo ascenso e/ou consolidación da Burguesía no poder. Entre as modificacións máis importantes está a que afecta ao papel da Ciencia moderna. A decisiva participación da Ciencia e Tecnoloxía na expansión económica das sociedades industriais (transportes por ferrocarril e barcos a vapor, novos sistemas de explotación das minas e demais recursos, etc...) convírtennas en elementos básicos no establecemento do novo orde social.

As Ciencias experimentais acadan neste período un grande desenvolvemento en todos os seus ordes e o prestixio é tan grande que a influencia —ás veces mecanicamente— chega a numerosas parcelas da actividades humana (Filosofía, Arte, Literatura, Política, Socioloxía, etc...).

No eido ideolóxico, máis que o papel da Ciencia na produción, o eido da controversia pasa pola nova metodoloxía experimental e teorías científicas, que polas súas consecuencias no plano moral e político son obxecto de pronunciada polémica, sendo o darwinismo un claro exemplo. En relación cos seus intereses, os grupos sociais posiciónanse cara a estos temas, sendo a resistencia ás novas ideas inversamente proporcional ao poder dos sectores beneficiarios do Antigo Réxime.

No Estado Español o proceso de desenvolvemento das Ciencias experimentais ten lugar seguindo as pautas enriba indicadas, pero cun manifesto retraso (R. Carracido, 1917; Nuñez, 1975), relacionado co reducido desenvolvemento capitalista da sociedade (Sánchez-Albornoz, 1968; Jutglar, 1968). A revolución de 1868 marca unha data decisiva no terreo dos cambios políticos e ideolóxicos que permiten a chegada das novas ideas científicas (López Piñero, 1968; Rodríguez Carracido, 1917). Os debates sobre a Ciencia española e as razóns do seu atraso, a relación da Ciencia coa Relixión e o transformismo van marcar durante o derradeiro tercio do século as diferentes posturas sobre a problemática científica.

No caso galego a asimetría da súa estrutura social co tempo histórico das sociedades occidentais ten rasgos máis sulñados (Villares, 1980; Barreiro, 1981), cunha economía bloqueada no seu agromar capitalista (Carmona, 1983), por ilo no terreo ideolóxico o peso dos representantes do Antigo Réxime é decisivo, exemplo: Eirexa e Universidade (Barreiro, 1981). A Ciencia feita en Galiza aparece limitada e desfasada, evidenciándose máis o atraso da actividade científica galega na segunda metade do XIX (Díaz-Fierros, 1976). Neste período a unha mínima actividade orixinal moderna acompaña unha destacada ideoloxización conservadora, con poucas excepcións.

Na Comunicación inclúese o estudo das características do debate científico no nacionalismo galego de fins do XIX coa pretensión de deducir pautas ideolóxicas no seo deste movemento.

Interesantes estudos se teñen realizado nos derradeiros anos sobre os temas científicos na historia do XIX no Estado Español (López Piñero, 1968; Nuñez, 1975 e 1977; Gilck, 1982); tamén deben ser sulñados outros textos xa clásicos (R. Carracido, 1917; Menéndez Pelayo, 1870 e 1876; González, 1891; Ramón y Cajal, 1926). Xeralmente nesta bibliografía pártese dunha concepción unitaria da sociedade no Estado Español, que simplifica e limita considerabelmente a análise para unha axeitada comprensión do fenómeno en Galiza. Só o caso catalán é con frecuencia sulñado como diferencial (Nuñez, 1975). Entre os poucos traballos adicados á mesma problemática para o caso específico de Galiza están os de Barreiro, Rodríguez, Ruibal, 1971; Díaz-Fierros, 1976; Mayobra, 1982; Fraga, 1982.

### MATERIAL E METODOS

Temos acudido a fontes diversas (libros, artigos de revistas e xornais, folletos, discursos, reseñas de conferencias, obras de creación literaria, etc...). Aínda que hai material pendente de consulta, coidamos que a mostra revisada permite unha valoración séria do tema obxecto desta Comunicación.

Fóra das producións realizadas no ámbito universitario ou eclesialístico compre destacar a dificultade de atopar referencias claras e directas á problemática científica nos "nacionalistas" galegos de fins do XIX. Normalmente, trátase de comentáris adxetivos a temas xerais e con pouca matización, nos que se mesturan conceptos diversos, noutros casos ignórase o asunto.